

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**3582** *Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.*

Un dos principios inspiradores da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e sen dúbida dos máis transcendentais, é a preservación da diversidade biolóxica e xenética das poboacións e das especies. Sobre este principio, unha das finalidades máis importantes desta lei é deter o ritmo actual de perda de diversidade biolóxica e, neste contexto, indica no seu artigo 52.1 que, para garantir a conservación da biodiversidade que vive en estado silvestre, as comunidades autónomas e as cidades con estatuto de autonomía deberán establecer réximes específicos de protección para aquelas especies silvestres cuxa situación así o requira. Non obstante, alén das actuacións de conservación que realicen as citadas administracións públicas para alcanzaren esta finalidade, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, nos seus artigos 53 e 55, crea, con carácter básico, a Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e, no seu seo, o Catálogo Español de Especies Ameazadas. Así mesmo, establécense unha serie de efectos protectores para as especies que se inclúan nos citados instrumentos e establécense dúas categorías de clasificación, como son as de «vulnerable» e «en perigo de extinción», distinción que permite establecer prioridades de acción e identificar aquelas especies que necesitan unha maior atención. Finalmente, prevese o desenvolvemento regulamentario da Listaxe, finalidade xeral a que responde este real decreto.

Xunto a esta tarefa inicial de desenvolvemento xeral da Listaxe, este real decreto adapta, por un lado, o anterior Catálogo nacional de especies ameazadas, regulado polo Real decreto 439/1990, do 30 de marzo (que con este real decreto se derroga), respecto ás especies protexidas clasificadas con categorías que desapareceron na nova lei, tendo en conta o disposto na disposición transitoria única da Lei 42/2007, do 13 de decembro; e por outro, a clasificación das especies, conforme o procedemento previsto no artigo 55.2 da citada lei, sobre catalogación, descatalogación ou cambio de categoría de especies.

Ademais da protección xeral que a Lei 42/2007, do 13 de decembro, confire a todas esas especies e ao seu hábitat, a súa inclusión na Listaxe significa a necesidade de levar a cabo periodicamente unha avaliación do seu estado de conservación. Para isto, débese dispor de información sobre os aspectos máis relevantes da súa bioloxía e ecoloxía, como base para realizar un diagnóstico da súa situación e avaliar se o estado de conservación é ou non favorable. Esta avaliación é a que permitirá xustificar cambios na Listaxe e no Catálogo. Neste contexto, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, creou a Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade (en diante a Comisión), como órgano consultivo e de cooperación entre as administracións públicas. Ademais, o Real decreto 1424/2008, do 14 de agosto, que desenvolve as funcións desta comisión, creou pola súa vez o Comité de Flora e Fauna Silvestres (en diante o Comité), como órgano técnico especializado nesta materia.

No caso concreto das especies incluídas no Catálogo, débese realizar unha xestión activa das súas poboacións mediante a posta en marcha de medidas específicas por parte das administracións públicas. Estas medidas concretaranse na adopción de estratexias de conservación e de plans de acción. Neste senso, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, confire un marco legal ás estratexias de conservación de especies ameazadas e de loita contra as principais ameazas para a biodiversidade, identificándoas como documentos técnicos orientadores para a elaboración dos plans de conservación e recuperación que deben ser aprobados polas comunidades autónomas e as cidades con estatuto de

autonomía, sen prexuízo das competencias da Administración xeral do Estado sobre biodiversidade mariña, tal como establece o artigo 6 da citada Lei 42/2007, do 13 de decembro. Por outro lado, a Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos, tamén establece medidas específicas de protección e recuperación de especies ameazadas a través da posta en marcha de programas de conservación ex situ.

As posibles accións que deriven do desenvolvemento deste real decreto poderán recibir o apoio financeiro do Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, previsto no artigo 74 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Este real decreto foi sometido á consideración da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

O texto foi igualmente posto ao dispor do público, de acordo co previsto no artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, que regula os dereitos á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Na tramitación do real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as cidades con estatuto de autonomía e as entidades representativas do sector que resultan afectadas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da ministra de Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 4 de febreiro de 2011,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

É obxecto deste real decreto desenvolver algúns dos contidos dos capítulos I e II do título III da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e, en concreto, regular:

- a) As características, contido e procedementos de inclusión, cambio de categoría e exclusión de especies na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e no Catálogo español de especies ameazadas.
- b) As directrices de avaliación periódica do estado de conservación das especies incluídas na Listaxe e no Catálogo.
- c) As características e o contido das estratexias de conservación de especies do Catálogo e de loita contra as principais ameazas para a biodiversidade.
- d) As condicións técnicas necesarias para a reintrodución de especies extinguidas e o reforzamento de poboacións.
- e) As condicións naturais requiridas para a supervivencia ou recuperación de especies silvestres ameazadas.
- f) Os aspectos relativos á cooperación para a conservación das especies ameazadas.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

1. Ameaza para a biodiversidade: factor ou conxunto de factores bióticos e abióticos que inciden negativamente no estado de conservación dunha ou de varias especies.
2. Área crítica para unha especie: aqueles sectores incluídos na área de distribución que conteñan hábitats esenciais para a conservación favorable da especie ou que pola súa situación estratéxica para a especie requiran o seu adecuado mantemento.

3. Conservación in situ: conservación dos ecosistemas e dos hábitats naturais e seminaturais mediante o mantemento e a recuperación de poboacións viables de especies silvestres nos seus ambientes.

4. Conservación ex situ: conservación de compoñentes da diversidade biolóxica fóra dos seus hábitats naturais.

5. Especie autóctona: a existente dentro da súa área de distribución natural.

6. Especie ameazada: refírese ás especies cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causais da súa actual situación seguen a actuar ou ás especies cuxas poboacións corren o risco de se encontraren nunha situación de supervivencia pouco probable nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre elas non son corrixidos. Por cumpriren tales condicións, as especies, subespecies ou poboacións poderían ser incorporadas ao Catálogo.

7. Especie extinguida ou taxon extinguido: especie ou taxon autóctono desaparecido no pasado da súa área de distribución natural.

8. Especie silvestre en réxime de protección especial: especie merecente dunha atención e protección particular en función do seu valor científico, ecolóxico e cultural, singularidade, rareza, ou grao de ameaza, argumentado e xustificado cientificamente, así como aquela que figure como protexida nos anexos das directivas e os convenios internacionais ratificados por España, e que, por cumpriren estas condicións, sexan incorporadas á Listaxe.

9. Estado de conservación dunha especie: situación ou estado desa especie, definido polo conxunto de factores ou procesos que actúan sobre ela e que poden afectar a medio e longo prazo a distribución e o tamaño das súas poboacións no ámbito xeográfico español.

10. Estado de conservación favorable dunha especie: cando a súa dinámica poboacional indica que segue e pode seguir constituíndo a longo prazo un elemento vivo dos hábitats a que pertence; a área de distribución natural non se está a reducir nin hai ameazas de redución nun futuro previsible; existe e probablemente siga existindo un hábitat de extensión suficiente para manter as súas poboacións a longo prazo.

11. Estado de conservación desfavorable dunha especie: cando non se cumpra algunha das condicións enunciadas na anterior definición.

12. Hábitat dunha especie: medio definido por factores abióticos e bióticos específicos onde vive a especie nunha das fases do seu ciclo biolóxico.

13. Reintrodución: proceso que tenta establecer unha especie nunha área en que se extinguiu.

14. Risco inminente de extinción: situación dunha especie que, segundo a información dispoñible, indica altas probabilidades de se extinguir a moi curto prazo.

### Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase no territorio do Estado español e nas augas marítimas baixo soberanía ou xurisdición española, incluíndo a zona económica exclusiva e a plataforma continental.

2. O disposto no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo das accións de cooperación internacional ou da xurisdición do Estado español sobre persoas e buques, aeronaves ou instalacións nos supostos previstos no artigo 6 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

## CAPÍTULO II

### Contido, características e funcionamento da Listaxe e do Catálogo

#### Artigo 4. *Contido da Listaxe e do Catálogo.*

As subespecies, especies e poboacións que integran a Listaxe e o Catálogo son as que aparecen indicadas no anexo.

*Artigo 5. Características da Listaxe e do Catálogo.*

1. De acordo co procedemento previsto no artigo 53 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, na Listaxe incluíranse as especies, subespecies e poboacións merecentes dunha atención e protección particular en función do seu valor científico, ecolóxico, cultural, singularidade, rareza ou grao de ameaza, así como aquelas que figuran como protexidas nos anexos das directivas e os convenios internacionais ratificados por España. A inclusión de especies, subespecies e poboacións na Listaxe suporá a aplicación do establecido nos artigos 54, 56 e 76 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

2. Dentro da Listaxe créase o catálogo, que inclúe, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle, as especies que están ameazadas incluíndoas nalgunhas das seguintes categorías:

a) En perigo de extinción: especie, subespecie ou poboación dunha especie cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causais da súa actual situación seguen a actuar.

b) Vulnerable: especie, subespecie ou poboación dunha especie que corre o risco de pasar á categoría anterior nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre ela non son corrixidos.

3. A Listaxe e o Catálogo son rexistros públicos de carácter administrativo e de ámbito estatal, cuxa custodia e mantemento dependen administrativamente do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño (en diante MARM). A información contida no rexistro da Listaxe e do Catálogo é pública e o acceso a ela regúlase segundo o disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo. Non obstante, por razóns de seguranza para protexer os enclaves de cría, alimentación, descanso ou os hábitats das especies, poderase denegar o acceso a ese tipo de información xustificando esa decisión, de acordo co establecido no artigo 13.2 da dita Lei 27/2006, do 18 de xullo.

*Artigo 6. Procedemento de inclusión, cambio de categoría ou exclusión de especies na Listaxe e no Catálogo.*

1. As especies incluíranse no rexistro da Listaxe mediante o procedemento que se detalla neste artigo.

2. No caso de especies que figuran como protexidas nos anexos das normas ou decisións da Unión Europea e os convenios internacionais ratificados por España, a súa inclusión na Listaxe será efectuada de oficio polo MARM, notificando previamente tal inclusión á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade. Neste suposto, sen prexuízo da súa inclusión na Listaxe, para efectos do réxime concretamente aplicable e da inclusión, se for o caso, no Catálogo, poderase considerar a singularidade da distribución xeográfica e o estado de conservación da especie no noso país, precedendo consulta ás comunidades autónomas ou cidades con estatuto de autonomía afectadas.

3. Ademais do procedemento establecido no número anterior, a iniciación do procedemento de inclusión, cambio de categoría ou exclusión dunha especie na Listaxe e no Catálogo realizarase precedendo iniciativa das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, mediante remisión dunha solicitude á Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal do MARM (en diante a Dirección Xeral), seguindo o procedemento establecido nos artigos 53.1 e 55.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, para a Listaxe e o Catálogo, respectivamente. Esta deberá ser motivada e ir acompañada da información científica xustificativa, así como as referencias dos informes e publicacións científicas que se tiveren podido utilizar.

4. Coa anterior información a Dirección Xeral elaborará unha memoria técnica xustificativa. Esta memoria deberá ter en conta os «criterios orientadores para a inclusión de taxons e poboacións en catálogos de especies ameazadas aprobados pola Comisión Nacional para a Protección da Natureza, no 17 de marzo de 2004», e aquela outra información que se considere necesaria, sen prexuízo do disposto na disposición adicional terceira.

A Dirección Xeral remitirá a memoria técnica xustificativa á comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía onde se encontre a especie afectada e por iniciativa destas ou da propia Dirección Xeral, a citada memoria remitirase ao Comité de Flora e Fauna Silvestres para a súa avaliación. Este comité, se for o caso, consultará o comité científico creado no artigo 7 deste real decreto e, despois disto, informará a comisión do resultado da avaliación. Coa información anterior a comisión trasladará a proposta de inclusión, cambio de categoría ou exclusión da Listaxe ou do Catálogo á Dirección Xeral, quen concluirá se hai ou non razóns que xustifiquen a inclusión, cambio de categoría ou exclusión.

5. Calquera cidadán ou organización poderá solicitar á Dirección Xeral a iniciación do procedemento de inclusión, cambio de categoría ou exclusión dunha especie na Listaxe e no Catálogo, acompañándoa de información científica xustificativa, ao menos, en relación ao valor científico, ecolóxico, cultural, singularidade, rareza ou grao de ameaza da especie proposta, así como as referencias dos informes e publicacións científicas utilizadas, seguindo o procedemento establecido nos artigos 53.1 e 55.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, para a Listaxe e o Catálogo, respectivamente. Esta solicitude poderá ser presentada na Dirección Xeral polos medios adecuados, incluídos os medios electrónicos, en aplicación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. En caso de que a solicitude sexa defectuosa ou incompleta, requirirase ao solicitante para que corrixa os defectos advertidos ou presente a documentación complementaria no prazo de tres meses. Transcorrido o prazo sen que o particular corrixa os defectos ou presente a documentación complementaria, acordarase o arquivo do expediente e notificaráselle ao solicitante. No caso de que o solicitante corrixa os defectos ou presente a documentación complementaria no tempo previsto, procederase a tramitar a solicitude correspondente de acordo co procedemento indicado no anterior número. A Dirección Xeral, unha vez valorada a solicitude, notificará a súa decisión de forma motivada ao solicitante no prazo máximo de seis meses desde a data de recepción da solicitude na Dirección Xeral, co cal se porá fin á vía administrativa. Transcorrido o prazo sen se ter notificado resolución expresa, entenderase desestimada a súa petición.

6. Soamente se poderán incluír na Listaxe e no Catálogo as especies e subespecies que fosen descritas taxonomicamente nunha publicación científica de recoñecido prestixio e fosen consensuadas pola comunidade científica.

7. Unha vez finalizada a tramitación, o proxecto de orde que conteña a modificación do anexo a este real decreto para incluír, excluír ou modificar a clasificación dalgunha especie elevarase á ministra para a súa sinatura, consonte o disposto na disposición derradeira segunda e, posteriormente, publicarase no Boletín Oficial del Estado.

#### Artigo 7. O comité científico.

1. Para asistir ao Comité de Flora e Fauna Silvestres en relación ao anterior artigo e noutras materias relativas a este real decreto, establecerase un comité científico como órgano consultivo da Dirección Xeral e das comunidades autónomas, cando estas así o soliciten.

2. O comité científico, a requirimento do Comité de Flora e Fauna Silvestres, da Dirección Xeral, ou das comunidades autónomas, informará sobre:

a) As propostas de inclusión, cambio de categoría ou exclusión de especies na Listaxe e no Catálogo.

b) A actualización dos «criterios orientadores para a inclusión de taxons e poboacións en catálogos de especies ameazadas» aprobados pola Comisión Nacional de Protección da Natureza o 17 de marzo de 2004.

c) A validez taxonómica das especies incluídas ou propostas para a súa inclusión na Listaxe e no Catálogo.

d) A metodoloxía de avaliación do estado de conservación das especies de acordo coas directrices europeas na materia.

e) Cantas medidas se consideren oportunas para o mellor desenvolvemento da Listaxe e do Catálogo e calquera outro aspecto relativo ao contido deste real decreto.

3. O comité científico estará composto por un máximo de 19 membros. Dezasete deles serán designados polo MARM:

a) Nove por proposta das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, seleccionados entre expertos atendendo ao criterio de representación dos grandes grupos taxonómicos da biodiversidade e das rexións bioxeográficas españolas.

b) Cinco por proposta das organizacións non gobernamentais que forman parte do Consello Estatal do Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

c) Un designado polo secretario xeral do Mar e dous polo secretario de Estado de Cambio Climático, un dos cales fará de secretario.

Nos supostos a) e b) os expertos propostos deberán acreditar unha ampla e probada experiencia científica nas materias que trata o presente real decreto.

Ademais, incluíranse dous representantes dos centros e institutos de investigación adscritos ao Ministerio de Ciencia e Innovación, designados por este.

Para asegurar a representación dos diferentes grupos taxonómicos representados na Listaxe e no Catálogo, os expertos designados poderán ser asesorados polos especialistas que consideren conveniente.

O seu presidente elixirase de entre os seus membros. A duración do seu mandato será de dous anos prorrogables, por acordo do comité científico, por idéntico período. O secretario fará acta das deliberacións e acordos adoptados polo comité científico e remitiráa ao presidente do Comité de Flora e Fauna Silvestres, quen o distribuirá entre os seus membros.

4. O comité científico ten como sede a Dirección Xeral e reunirse, ao menos, unha vez ao ano e poderá aprobar un regulamento de réxime interior.

5. A Dirección Xeral proporcionará o soporte loxístico e o financiamento necesarios para a organización das reunións.

#### Artigo 8. *Información contida nos rexistros da Listaxe e do Catálogo.*

1. O rexistro da Listaxe inclúe para cada unha das especies a seguinte información:

a) Denominación científica, nomes vulgares e posición taxonómica.  
b) Proceso administrativo da súa inclusión na Listaxe.  
c) Ámbito territorial ocupado pola especie.  
d) Criterios e breve xustificación técnica das causas da inclusión, modificación ou exclusión, con expresa referencia á evolución da súa poboación, distribución natural e hábitat característicos.

e) Indicación da avaliación periódica do seu estado de conservación.

2. Para as especies incluídas no catálogo, ademais da información anterior, incluírase a seguinte:

a) Categoría da ameaza.  
b) Diagnóstico do estado de conservación, incluíndo a información sobre os sistemas de control de capturas, recolla e toma de mostras e as estatísticas sobre mortes accidentais que sexa remitido polas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía ou o propio MARM.

c) Referencia ás estratexias e aos plans de conservación e recuperación publicados polas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía ou ás estratexias aprobadas pola Administración xeral do Estado, que afecten a especie.

3. A información contida no rexistro da Listaxe e do Catálogo será subministrada polas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía ou polo propio MARM.

Esta será actualizada a medida que exista información sobre cambios no estado de conservación das especies, consonte as previsións do artigo 9 ou os supostos dos artigos 5 e 6.

4. A información relativa aos procedementos de inclusión, cambio de categoría ou exclusión que se producisen na Listaxe e no Catálogo formarán parte do informe anual do estado e evolución do patrimonio natural e a biodiversidade previsto no artigo 11 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

*Artigo 9. Avaliación periódica do estado de conservación.*

1. As especies incluídas na Listaxe serán obxecto dun seguimento específico por parte das comunidades autónomas nos seus ámbitos territoriais co fin de realizar unha avaliación periódica do seu estado de conservación. Este seguimento realizarase de forma coordinada para aquelas especies que comparten os mesmos problemas de conservación, determinadas afinidades ambientais, hábitat ou ámbitos xeográficos.

2. A avaliación do estado de conservación das especies será realizada pola comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía en cuxo territorio se localicen esas especies. No caso de que a especie se distribúa polo territorio de máis dunha comunidade autónoma, o MARM e as comunidades autónomas adoptarán os mecanismos de coordinación que procedan a través da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e Biodiversidade. A avaliación incluírá información sobre a evolución da área de distribución da especie e o estado de conservación das súas poboacións, con especial referencia ás estatísticas de capturas ou recolla, mortes accidentais e a unha valoración da súa incidencia sobre a viabilidade da especie.

3. Para o caso de especies incluídas na categoría «en perigo de extinción» do catálogo, a avaliación incluírá, sempre que for posible, información sobre os seguintes aspectos:

- a) Cambios na súa área de distribución, tanto de ocupación como de presenza.
- b) Dinámica e viabilidade poboacional.
- c) Situación do hábitat, incluíndo unha valoración da calidade, extensión, grao de fragmentación, capacidade de carga e principais ameazas.
- d) Avaliación dos factores de risco.

4. A avaliación das especies da Listaxe efectuarase, ao menos, cada seis anos. Para as especies incluídas no Catálogo, e a non ser que a estratexia da especie sinala unha periodicidade distinta, as avaliacións efectuaranse como máximo cada seis anos para as especies consideradas como «vulnerables» e cada tres anos para as especies consideradas como «en perigo de extinción». Para facilitar a emisión dos informes requiridos pola Comisión Europea en cumprimento do artigo 17.1 da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, e do artigo 12 da Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres, para aquelas especies da Listaxe afectadas polos mencionados artigos, procurarase que ambos os informes coincidan no tempo.

5. De acordo cos artigos 47 e 53.3 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, as comunidades autónomas comunicarán ao MARM os cambios significativos no estado de conservación das especies de interese comunitario prioritarias e do anexo IV da Lei 42/2007, do 13 de decembro, que se detecten no seu ámbito xeográfico.

*Artigo 10. Consideración de situación crítica dunha especie.*

1. Se do seguimento ou avaliación do estado de conservación dunha especie se deducir que existe un risco inminente de extinción desta, a Comisión remitirá á Conferencia Sectorial de Medio Ambiente unha proposta de consideración desta especie como especie en situación crítica. Se se aprobar, por este mero feito a asignación orzamentaria do Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade quedará integramente afecta á adopción de

medidas urxentes para evitar a inminente extinción da especie, e por iniciativa da Dirección Xeral o MARM realizará as modificacións dos créditos iniciais do orzamento vixente que sexan posibles para a referida actuación; cando non exista crédito adecuado ou sexa insuficiente e non ampliable o consignado, procederase, se for o caso, á tramitación dun crédito extraordinario e non suplementario do inicialmente previsto, nos termos previstos no artigo 55 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Para coordinar a aplicación das medidas de urxencia crearase un grupo de traballo no seo da Comisión Estatal, constituído por, ao menos, un representante do MARM e de cada unha das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía da área de distribución da especie.

### CAPÍTULO III

#### Estratexias e programas de conservación

Artigo 11. *Estratexias de conservación de especies ameazadas e de loita contra as principais ameazas para a biodiversidade.*

1. As estratexias para a conservación ou recuperación de especies constitúense como criterios orientadores ou directrices dos plans de recuperación, no caso de especies en perigo de extinción, e dos plans de conservación, no caso de especies vulnerables, que deben ser elaborados e desenvolvidos polas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, ou o MARM no ámbito das súas competencias no medio mariño, de acordo co artigo 6 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

As estratexias de loita contra as ameazas para a biodiversidade constitúense como criterios orientadores ou directrices dos plans de acción ou outras medidas análogas de loita contra as ameazas para a biodiversidade que adopten as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

2. Na elaboración das estratexias darase prioridade ás especies en maior risco de extinción e, no caso das de loita contra as principais ameazas para a biodiversidade, ás que afecten un maior número de especies incluídas no Catálogo, como son o uso ilegal de substancias tóxicas, a electrocución e a colisión con redes eléctricas ou o plumbismo.

As estratexias de conservación para especies elaboraranse cando estas estean incluídas no Catálogo e estean presentes en máis dunha comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía. As estratexias de loita contra as ameazas para a biodiversidade serán elaboradas para aquelas ameazas de ámbito estatal ou que afecten máis dunha comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía.

3. No caso de especies ameazadas que compartan similares distribucións xeográficas, hábitat, requirimentos ecolóxicos ou problemáticas de conservación, poderanse elaborar estratexias multiespecíficas e, en consecuencia, os plans de recuperación e de conservación poderían ter o mesmo carácter.

Os plans de recuperación ou conservación para as especies ou poboacións que vivan exclusivamente ou en alta proporción en espazos naturais protexidos, na Rede Natura 2000 ou en áreas protexidas por instrumentos internacionais, poderán ser articulados a través das correspondentes figuras de planificación e xestión destes espazos, e poden adoptar un contido similar ao indicado no seguinte número.

4. As estratexias terán, ao menos, o seguinte contido:
- a) Identificación da especie (s) ou ameaza (s) para a biodiversidade obxecto da estratexia.
  - b) Delimitación do ámbito xeográfico de aplicación.
  - c) Identificación e descrición dos factores limitantes ou de ameaza para a especie ou para a biodiversidade.
  - d) Avaliación das actuacións realizadas.
  - e) Diagnóstico do estado de conservación no caso de especies.
  - f) Finalidade que se quere alcanzar, con obxectivos cuantificables.



- g) Criterios para a delimitación e localización das áreas críticas no caso de especies.
- h) Criterios orientadores sobre a compatibilidade entre os requirimentos das especies e os usos e aproveitamentos do solo.
- i) Accións recomendadas para eliminar ou mitigar o efecto dos factores limitantes ou de ameaza identificados.
- j) Periodicidade de actualización.

5. As estratexias serán elaboradas pola Dirección Xeral e as comunidades autónomas e as cidades con estatuto de autonomía no marco dos comités especializados da Comisión e serán aprobadas pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, por proposta da Comisión, precedendo consulta ao Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade. As estratexias serán publicadas no Boletín Oficial del Estado.

6. A Dirección Xeral encargárase de coordinar a aplicación das estratexias, e pode prestar asistencia técnica e financeira ás comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía a través do Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade. A través deste fondo tamén se poderán cofinanciar os plans derivados das estratexias, nos termos que se establezan nos correspondentes convenios coas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

#### Artigo 12. *Conservación ex situ e propagación de especies silvestres ameazadas.*

1. Como complemento á conservación in situ e sempre que as condicións da poboación silvestre o permitan, a Comisión promoverá a realización de programas de cría en cativeiro, de conservación ex situ ou de propagación fóra do seu hábitat natural, para as especies incluídas no Catálogo en cuxa estratexia, ou en cuxos correspondentes plans de conservación ou recuperación, figure esta medida, dando prioridade ás especies endémicas españolas incluídas na categoría «en perigo de extinción» do Catálogo. Estes programas estarán dirixidos á constitución de reservas xenéticas e/ou á obtención de exemplares aptos para a súa reintrodución no medio natural. En calquera caso, a necesidade de realizar programas de cría en cativeiro ou conservación ex situ deberá ter sido previamente recomendada nun estudo ou nunha análise de viabilidade poboacional.

2. O MARM, no marco do estipulado no artigo 4 a) da Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos, poderá establecer, en coordinación coas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, os mecanismos financeiros pertinentes para incentivar a participación das institucións e organizacións sen ánimo de lucro, os parques zoolóxicos, os acuarios, os xardíns botánicos e os centros públicos e privados de investigación ou conservación, nos programas de cría en cativeiro e propagación de especies ameazadas.

3. Para efectos do disposto no artigo 59.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, a Comisión acordará a designación e condicións dos centros de referencia a nivel nacional, sendo a Dirección Xeral quen exerza a coordinación dos respectivos programas de conservación ex situ.

4. A Comisión promoverá a existencia dunha rede de bancos de material biolóxico e xenético, dando prioridade á preservación de material biolóxico e xenético procedente de especies endémicas ameazadas.

5. As comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía deberán manter un rexistro dos bancos de material biolóxico e xenético de especies silvestres sitos no seu territorio, con información actualizada sobre as coleccións de material biolóxico e xenético de fauna e flora silvestres que manteñan nas súas instalacións.

#### Artigo 13. *Reintrodución de especies.*

1. No caso da reintrodución de especies extinguidas nun determinado ámbito territorial das cales aínda existen poboacións silvestres ou en cativeiro, e que sexan susceptibles de se estenderen por varias comunidades autónomas, deberá existir un programa de reintrodución, que deberá ser presentado á Comisión, logo de informe do

Comité de Flora e Fauna Silvestres, e ser aprobado posteriormente pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente. No caso de proxectos de reintrodución de especies no ámbito dunha comunidade autónoma, e sempre que estas especies non sexan susceptibles de se estenderen por outras comunidades autónomas, os proxectos unicamente se comunicarán á Comisión.

2. A valoración da conveniencia de realizar ou non un programa de reintrodución dunha especie susceptible de se estender por varias comunidades autónomas basearase nunha avaliación que terá en conta:

- a) As experiencias previas realizadas coa mesma ou parecidas especies.
- b) As recomendacións contidas nas directrices internacionais máis actuais e nos criterios orientadores elaborados conxuntamente polo MARM e as comunidades autónomas, no ámbito do Comité de Flora e Fauna Silvestres.
- c) Unha adecuada participación e audiencia pública.

Na citada avaliación consultarase o comité científico, o cal emitirá un ditame sobre o carácter e a validez científica do programa de reintrodución. O Comité de Flora e Fauna Silvestres, como comité técnico que analiza e eleva propostas á Comisión, elaborará un ditame técnico de valoración do cumprimento ou adecuación do programa de reintrodución ás condicións do anterior número.

3. O programa de reintrodución deberá figurar na estratexia de conservación da especie. No caso de que non exista estratexia para a especie, deberase incluír nos correspondentes plans aprobados polas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

4. Nas áreas de potencial reintrodución ou expansión das especies obxecto dos programas de reintrodución fixaranse medidas de conservación e instrumentos de xestión específicos para estas áreas ou integrados noutros plans, co fin de evitar afeccións negativas para as especies que motivasen a designación destas áreas.

#### Artigo 14. *Cooperación coas comunidades autónomas.*

O MARM poderá proporcionar e convir coas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía a prestación de axuda técnica e económica para a elaboración dos distintos plans de recuperación, conservación, acción ou reintrodución e para a execución das medidas neles previstas.

#### Artigo 15. *Cooperación internacional para a conservación de especies ameazadas.*

No ámbito dos acordos e convenios internacionais ratificados por España, o MARM colaborará con outros países na elaboración e aplicación de actuacións contidas nas estratexias e plans internacionais de acción para as especies ameazadas, dando prioridade ás especies en maior risco de extinción a nivel mundial, a aquelas especies que máis interesen a España pola súa proximidade bioxeográfica e a aquelas que revistan un potencial interese para o noso país.

O MARM, en coordinación coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, promoverá o desenvolvemento das actuacións establecidas nas estratexias e plans internacionais de especies ameazadas, mediante o financiamento de accións e proxectos específicos, contribucións extraordinarias a organismos internacionais ou calquera outro mecanismo.

Disposición adicional primeira. *Competencias sobre biodiversidade mariña en relación a este real decreto.*

En relación co contido deste real decreto, o exercicio das funcións administrativas no referente a biodiversidade mariña será exercido de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e o artigo 28.h da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño. Corresponde ao Goberno a inclusión, cambio de categoría

ou exclusión de especies mariñas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial así como no Catálogo español de especies ameazadas.

Para os efectos do establecido no artigo 6.b) da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e a biodiversidade, considérase especie mariña altamente migratoria toda poboación ou calquera parte da poboación separada xeograficamente de calquera especie ou taxon inferior de animais mariños silvestres cuxa proporción significativa de membros atravesen de forma cíclica e previsible a fronteira marítima xurisdiccional española. Estas especies son xeralmente capaces de viaxar distancias relativamente amplas, e as poboacións desas especies posiblemente se encontran regularmente tanto no ámbito xeográfico do mar territorial e da zona económica exclusiva como no mar alto.

Disposición adicional segunda. *Especies introducidas accidental ou ilegalmente fóra da súa área de distribución natural.*

As obrigacións contidas nos artigos 9 e 11 desta norma non serán de aplicación no caso de especies da Listaxe e do Catálogo introducidas accidental ou ilegalmente fóra das súas áreas de distribución natural. Nos casos en que estas especies incidan negativamente na biodiversidade ou produzan prexuízos significativos en actividades económicas, as comunidades autónomas e as cidades con estatuto de autonomía afectadas poderán solicitar a exclusión ou adaptación nos seus respectivos ámbitos territoriais da protección xurídica das poboacións destas especies.

Disposición adicional terceira. *Aprobación de criterios para a inclusión de taxons e poboacións no Catálogo español de especies ameazadas.*

Os criterios orientadores para a inclusión de taxons e poboacións no Catálogo español de especies ameazadas serán aprobados polo Goberno e publicados no Boletín Oficial del Estado, despois de consultar a Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e o Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

Disposición transitoria única. *Estratexias de conservación de especies ameazadas e de loita contra as principais ameazas para a biodiversidade aprobadas.*

As estratexias de conservación de especies ameazadas e de loita contra as principais ameazas para a biodiversidade aprobadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto que non se axusten ao disposto no artigo 57 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, deberanse adaptar a esta, para o que se procederá, se a adaptación ou actualización for precisa, segundo o previsto no artigo 10 deste real decreto. No prazo dun ano a Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade deberá revisar as estratexias xa aprobadas para determinar se se debe realizar a adaptación.

Así mesmo, as estratexias de conservación de especies e de loita contra as principais ameazas para a biodiversidade aprobadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto deberán publicarse no Boletín Oficial del Estado.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 439/1990, do 30 de marzo, de regulación do Catálogo nacional de especies ameazadas, e a Orde do 29 de agosto de 1996, Orde do 9 de xullo de 1998, Orde do 9 de xuño de 1999, Orde do 10 de marzo de 2000, Orde do 28 de maio de 2001, Orde MAM/2734/2002, do 21 de outubro, Orde MAM/1653/2003, do 10 de marzo, Orde MAM/2784/2004, do 28 de maio, Orde MAM/2231/2005, do 27 de xuño, e Orde MAM/1498/2006, do 26 de abril.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, de conformidade co disposto no artigo 149.1.23 da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo da disposición derradeira oitava da Lei 42/2007, do 13 de decembro, facúltase o titular do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, no ámbito da súa competencia, para modificar, mediante orde ministerial, o anexo co fin de actualizalo e, se for o caso, adaptalo á normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de febreiro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente  
e Medio Rural e Mariñ  
ROSA AGUILAR RIVERO

## ANEXO

**Relación de especies incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e, se for o caso, no Catálogo español de especies ameazadas**

Nome científico	Nome común	Poboación referida	Categoría do Catálogo
<b>FLORA</b>			
<b>PTERIDOPHYTA</b>			
Aspleniaceae			
<i>Asplenium hemionitis</i>	Fento de folla de hedra		
Aspidiaceae			
<i>Dryopteris corleyi</i>			
Blechnaceae			
<i>Woodwardia radicans</i>	Fento do botón		
Dicksoniaceae			
<i>Culcita macrocarpa</i>	Fento do cabelíño		
Dryopteridaceae			
<i>Diplazium caudatum</i>		Canarias Península	Vulnerable En perigo de extinción
<i>Diplazium caudatum</i>			
Hymenophyllaceae			
<i>Hymenophyllum wilsonii</i>			En perigo de extinción
<i>Trichomanes speciosum</i>			
Isoetaceae			
<i>Isoetes boryana</i>			
Marsileaceae			
<i>Marsilea batardae</i>			En perigo de extinción En perigo de extinción
<i>Marsilea quadrifolia</i>			
<i>Marsilea strigosa</i>			
<i>Pilularia minuta</i>			
Ophioglossaceae			
<i>Ophioglossum polyphyllum</i>			
Pteridaceae			
<i>Pteris incompleta</i>		Canarias Península	Vulnerable En perigo de extinción
<i>Pteris incompleta</i>			
Psilotaceae			
<i>Psilotum nudum</i> subsp. <i>molesworthiae</i>			En perigo de extinción
Thelypteridaceae			
<i>Christella dentata</i>			En perigo de extinción
<b>GIMNOSPERMAS</b>			
Cupressaceae			
<i>Juniperus cedrus</i>	Cimbro das Canarias Tetraclinis		Vulnerable
<i>Tetraclinis articulata</i>			
<b>ANGIOSPERMAS</b>			
Alismataceae			
<i>Luronium natans</i>			En perigo de extinción

Nome científico	Nome común	Poboación referida	Categoría do Catálogo
<b>Amaryllidaceae</b>			
<i>Narcissus asturiensis</i>	Amarelle de Asturias		
<i>Narcissus cyclamineus</i>	Amarelle ciclamíneo		
<i>Narcissus fernandesii</i>			
<i>Narcissus humilis</i>			
<i>Narcissus pseudonarcissus</i> subsp. <i>nobilis</i>			
<i>Narcissus triandrus</i>			
<i>Narcissus viridiflorus</i>			
<i>Narcissus longispathus</i>			En perigo de extinción
<i>Narcissus nevadensis</i>	Amarelle de Villafuerte		En perigo de extinción
<b>Aquifoliaceae</b>			
<i>Ilex perado</i> subsp. <i>lopezilloi</i>	Aceviño de La Gomera		En perigo de extinción
<b>Asclepidaceae</b>			
<i>Caralluma burchardii</i>			
<i>Ceropegia chrysantha</i>			
<i>Ceropegia dichotoma</i> subsp. <i>krainzii</i>			
<b>Boraginaceae</b>			
<i>Echium gentianoides</i>			
<i>Echium pininana</i>			
<i>Echium handiense</i>			En perigo de extinción
<i>Lithodora nitida</i>			En perigo de extinción
<i>Omphalodes littoralis</i> subsp. <i>gallaecica</i>	Onfalodes		En perigo de extinción
<b>Campanulaceae</b>			
<i>Jasione lusitanica</i>	Botón azul		
<b>Caprifoliaceae</b>			
<i>Sambucus palmensis</i>	Sabugueiro das Canarias		En perigo de extinción
<b>Caryophyllaceae</b>			
<i>Arenaria alfacarensis</i>			
<i>Arenaria nevadensis</i>	Arenaria		En perigo de extinción
<i>Dianthus rupicola</i>			
<i>Moehringia fontqueri</i>			
<i>Petrocoptis grandiflora</i>			
<i>Petrocoptis montsiciana</i>			
<i>Petrocoptis pseudoviscosa</i>			Vulnerable
<i>Silene hifacensis</i>	Silene de Ifach	Baleares	Vulnerable
<i>Silene hifacensis</i>	Silene de Ifach	Península	En perigo de extinción
<i>Silene mariana</i>			
<i>Silene nocteolens</i>	Silene do Teide		Vulnerable
<b>Cistaceae</b>			
<i>Cistus chinamadensis</i>			
<i>Cistus heterophyllus</i> (= <i>C.h.carthaginensis</i> )			En perigo de extinción
<i>Helianthemum alypoides</i>			
<i>Helianthemum caput-felis</i>			Vulnerable
<i>Helianthemum bramwelliorum</i>			En perigo de extinción
<i>Helianthemum bystropogophyllum</i>			En perigo de extinción
<i>Helianthemum gonzalezferreri</i>			En perigo de extinción
<i>Helianthemum inaguae</i>			En perigo de extinción

Nome científico	Nome común	Poboación referida	Categoría do Catálogo
<i>Helianthemum juliae</i>			En perigo de extinción
<i>Helianthemum teneriffae</i>			En perigo de extinción
Compositae			
<i>Argyranthemum lidii</i>			En perigo de extinción
<i>Argyranthemum sundingii</i>			En perigo de extinción
<i>Argyranthemum winteri</i>			Vulnerable
<i>Artemisia granatensis</i>			En perigo de extinción
<i>Aster pyrenaeus</i>			En perigo de extinción
<i>Atractylis arbuscula</i>			En perigo de extinción
<i>Atractylis preauxiana</i>			En perigo de extinción
<i>Carduncellus dianius</i>		Baleares	
<i>Carduus myriacanthus</i>			
<i>Centaurea avilae</i>	Centaurea de Gredos		
<i>Centaurea borjae</i>			En perigo de extinción
<i>Centaurea citricolor</i>			
<i>Centaurea boissieri</i> subsp. <i>spachii</i>			
<i>Centaurea gadorensis</i>			
<i>Centaurea pulvinata</i>			
<i>Cheirolophus duranii</i>			En perigo de extinción
<i>Cheirolophus falcisectus</i>			En perigo de extinción
<i>Cheirolophus ghomerytus</i>			Vulnerable
<i>Cheirolophus junonianus</i>			
<i>Cheirolophus metlesicsii</i>			En perigo de extinción
<i>Cheirolophus santos-abreui</i>			En perigo de extinción
<i>Cheirolophus satarataensis</i>			
<i>Cheirolophus sventenii</i> subsp. <i>gracilis</i>			En perigo de extinción
<i>Cheirolophus tagananensis</i>			
<i>Crepis granatensis</i>			
<i>Crepis pusilla</i>			
<i>Erigeron frigidus</i>			
<i>Femeniasia balearica</i>			Vulnerable
<i>Helichrysum alucense</i>			En perigo de extinción
<i>Helichrysum gossypinum</i>			
<i>Helichrysum monogynum</i>			
<i>Hieracium texedense</i>			En perigo de extinción
<i>Hymenostemma pseudoanthemis</i>			
<i>Hypochoeris oligocephala</i>			En perigo de extinción
<i>Jurinea fontqueri</i>			En perigo de extinción
<i>Leontodon boryi</i>			
<i>Leontodon microcephalus</i>			
